

O refrán

XULIO CUNS LOUSA*

Sumario

O refrán ten dúas caras que se pretenden analizar neste traballo. Cada lector que se quede coa que queira

Abstract

The saying has two meanings which are analysed in this work. Each reader may choose the one he/she prefers to.

PROEMIO:

Cando un se propón escribir algo sobre un determinado tema, compre que explique o que el entende sobre esa materia e o rumbo, orientación e traxectoria que lle quere dar.

A cuestión, como o título expresa, é o refrán e, como consecuencia, o refraneiro. A miña primeira intención era tratar exclusivamente do refrán galego, idioma que no século XI aparece xa formado, o mesmo que o castelán e outros da península Ibérica, como o catalán, euskera e árabe, estes dous últimos desde tempos máis antigos.

As circunstancias históricas e políticas acaecidas entre Galicia, León e Castela, coa desaparición do noso reino, como tal, conseguiron, por ósmose, facer pasar os refráns, e moitas cousas máis, duns lugares para outros, de xeito recíproco.

Deste xeito non podemos garantir a pureza dos refráns que aparezan neste traballo, xa que moitos deles poden ter orixes en línguas que tanto incidiron sobre das nosas, como son o árabe, o latín e o grego.

¿QUE É UN REFRÁN?

O «**DICCIONARIO ENCICLOPLÉDICO GALLEGO-CATELLANO**», de don Eladio González López, dí: «Refrán, proverbio, adaxio, dito agudo e sentencioso de uso común. // Especie de apotegma familiar. // Entre os refráns propios e exclusivos da nosa terra galega hainos picarescos, inxenosos, retranqueiros e ata filosóficos...» A continuación trae unha restra de refráns entre os que están os seguintes: «Non hai refrán que non teña a súa verdá. Non hai refrán vello que non sexa verdadeiro. Os refráns vellos son evanxeos pequenos. Tódolos refráns teñen o don do ensino e o don da verdade.»

Poden observar vostedes que todos eles se gaban, oufanan e presumen do ensino e verdade que conteñen. Pero iso xa o veremos máis detidamente.

O «**DICCIONARIO DA LÍNGUA GALEGA**» da editorial IR INDO, Tomo III, dí que é: «Dito agudo e sentencioso, de carácter didáctico e de uso común, exprimido de forma sucinta e oral. Proverbio, adaxio. // Estribillo ou verso repetido no fin de cada estrofa. // Fórmula vocal ou instrumental que se repite regularmente nunha composición.»

Máis ou menos coincidentes co expresado nesta última definición, son as que figuran tanto no dicionario da «**REAL ACADEMIA ESPAÑOLA DE LA LENGUA**» como na

*Xulio Cuns Lousa é autor de diferentes estudos relativos á Historia de Betanzos, e tamén de relatos curtos e obras teatrais...É secretario e asesor do Anuario Brigantino.

enciclopedia «ESPASA», engadindo esta última: «Xa indicamos na voz AFORISMO a dificultade que tódolos etimoloxistas e filólogos manifestan para definir as voces adaxio, aforismo, proverbio e refrán que, mentres uns queren que sexan sinónimas simplemente, outros asígnanlles certas diferencias esenciais que non todos aceptan nin acertan a ver.»

Isto último podémolo apreciar no «DICCIONARIO IDEOLÓGICO DE LA LENGUA ESPAÑOLA», de Julio Casares, que nas analoxías que figuran na palabra «máxima» á que remite o término «refrán», aparece un total de cincuenta e unha.

DON FRANCISCO RODRIGUEZ MARIN, natural de Osuna, Sevilla, académico que foi da Española da Língua, chegando a presidila, amplía a definición dada pola referida Academia, no seu dicionario, completándoa deste xeito: «dito popular, sentencioso e breve, *de verdade probada*, xeralmente simbólico e exposto en forma poética, que contén unha regra de conducta ou outro calquera ensino.» Obvio será dicir que este complemento está destinado á definición da voz REFRÁN.

O folclorista GIUSEPPE PITRÉ definiuno tamén, dun xeito semellante: «Un lema popular, breve que tanto vale para unha sentencia como para unha máxima ó que se lle atopa sempre a utilidade ou credibilidade ó longo da vida.»

Sen embargo o Padre FEIJÓO amosábase contrario á infabilidade ou verdade probada dos refráns, entre outros moitos, ó seguinte: «Non hai sábado sen sol, nin romeu sen flor, nin meniña sen amor.» Que soamente poderá ser certo en canto á flor do romeu. Con respecto a este asunto di: «Non negarei eu que os máis dos adaxios con grande exceso son verdadeiros e que entre eles os hai moi agudos, e que inclúen fermosísimas sentencias, pero chega que haxa moitos falsos e ruíns para que lexitimamente se recuse por proba de cousa ningunha a autoridade dun adaxio.»

Estou de completo acordo co Padre Feijóo, xa que logo, non só hai mentiras e incertidumes en moitos refráns, senón que tamén se constata unha enorme cantidade de contradicións, como verán máis adiante.

REFRÁNS E FRASES PROVERBIAIS:

MARTÍN ALONSO, Doutor en Filosofía e Letras, redactor do DICCIONARIO HISTÓRICO DE LA REAL ACADEMIA ESPAÑOLA, escribiu un libro titulado CIENCIA DEL LENGUAJE Y ARTE DEL ESTILO, moi interesante, e no primeiro dos dous tomos que o integran, analiza un tema interesantísimo para este traballo que estamos a facer. Este tema é AS FRASES PROVERBIAIS.

Sacamos en consecuencia que, na maior parte dos casos, a «fórmula proverbial» queda reducida a algún dito, presuntamente histórico, que lle deu a súa orixe: *Non se tomou Zamora nunha hora; Armóuse a de San Quintín*, etc. etc.

En canto á definición do refrán, as características son estas:

- «a) É unha frase completa e independente.
- «b) Pode ter sentido directo ou alegórico.
- «c) Escríbese, xeralmente, en xeito sentencioso e elíptico.
- «d) Expresa un pensamento, unha admonición ou un desexo, e recolle unha experiencia, sacada da ciencia do pobo.
- «e) No refrán adoitan relacionarse cando menos dúas ideas.
- «f) Distínguese da frase proverbial en que o refrán é unha forma abstracta, non referida a un caso particular; vale para todos, ten o seu fundamentado na experiencia amoreada, pero xorde con forza cara ó porvir e a súa forma constructuiva é máis literaria.»

En canto á morfoloxía dos refráns pode constar de un ou dous membros. Os de un só, aseméllanse máis ás frases proverbiais: *Non todo o monte é ourego*; e os de dous, que é a forma máis frecuente, expresan mellor a filosofía que conteñen: *Para entender de presos, carcereiros vellos*; *Nai e filla caben nunha camisa, sogra e nora non caben na tea toda*; *Gaivotas a terra, mariñeiros á merda*; *O que é terco é porque é burro*; etc. etc.

TRATADO E NOMENCLATURA DOS REFRÁNS:

a) Se aceptamos a doutrina das causas finais, que Kant denominou teleoloxía, designando con ela o conxunto de especulacións que se aplican ó coñecemento da finalidade considerada en abstracto e seguindo ó Doutor Martín Alonso, entramos con respecto á intencionalidade da máxima popular, na semántica da Paremioloxía, ou sexa o tratado dos refráns. E dí o citado autor: «¿É tan verdadeira, sen excepción, esta ciencia popular que non se atopen con algúns refráns falsos e enganosos e, en ocasións, fórmulas contradictorias? ¿É certo que se pode aplicar a estes adaxios aquilo de «Vox populi, vos Dei?» Pois claro que non.

Imos, para exemplo, citar dous:

En martes non cases nin embarques.

Por Santa Lucía mingua a noite e medra o día.

Con respecto ó do martes coidamos que nese día casarán e viaxarán millóns de persoas en todo o mundo, ás que non lles ocorrerá desgracia ningunha.

En canto ó de Santa Lucía teremos que dicir que foi verdade durante moitos anos, xa que se celebraba polas datas que hoxe veñen a ser o vinte ou vinteún de decembro. Pero cando se realizou a corrección gregoriana do calendario (ano 1582), co engadido de varios días ó mesmo, na súa terminación, pasou a celebrarse o día trece do mesmo mes, conservándose o refrán, expresando unha solemne mentira. Este cambio do almanaque tamén contribuíu a outro erro que persiste: Dise que Miguel de Cervantes e William Shakespeare morreron o mesmo día (23 de abril de 1616), e foi certo, pero o español polo calendario gregoriano e o inglés polo xuliano, xa que Inglaterra non aceptou a reforma do almanaque ata mediados do século XVIII.

b) A nomenclatura dos refráns é moi distinta e variada segundo os pobos, nacións, rexións e incluso comarcas pequenas. Os hebreos chamáronlle maschal, que significa en Ezequiel similitude ou parábola e no libro Sépher Mischlé (Libro dos Proverbios), quere dicir sentenza. Os árabes chamáronlles mathal (dito). Os gregos paroimia; os latinos, adagius (ad agendum apta) e proverbium (contracción de probatum verbum). En Portugal chámasele vulgarmente dito ou deitado e, polos eruditos, rifao ou refao, adaxio e anexín. En castelán xa o dixemos anteriormente e en Galicia: adaxio, aforismo, dito, paremia, proverbio, retroso, sentenza, ademáis de refrán

REFRANEIROS:

Como consecuencia lóxica e directa do refrán xorde o refraneiro, o cal non é outra cousa que unha colección de refráns:

No DICCIONARIO LITERARIO BOMPIANI aparecen os seguintes datos:

a) «A primeira colección de refráns, posiblemente a máis antiga que posee ningunha lingua vulgar, segundo opinaba Menéndez Pelayo, é a que elaborou o Marqués de Santillana (1398-1458), baixo o título: «Iñigo López de Mendoza, a ruego del rey don Johan, ordenó

estos refranes que dicen las viejas tras el fuego; e van ordenados por la orden del A.b.c.» Consta de setecentos quince e foi impresa en Sevilla no 1508.

b) No ano 1500 Erasmo de Rotterdam, grande humanista holandés, publicou ADAGIORUM CHILIADES (como se desprende do título, en lingua latina), coñecida vulgarmente por ADAXIOS, que é unha colección de proverbios, adaxios, sentencias, epigramas, etc.

c) Outro refraneiro antigo é o do aragonés Pedro de Vallés, titulado LIBRO DE REFRANES COPILADOS POR EL ORDEN DE A.B.C., publicado en Zaragoza en 1549.

d) Foron tamén famosos moitos libros de AFORISMOS, entre eles o composto polo educador e pensador cubano José de la Luz y Caballero e publicado polos seus discípulos; os de Hipócrates, que é unha colección de catrocentas sentencias; os de Lichtenberg, que figuran non libro titulado ESCRITOS VARIOS; os de Montecuccoli; os de Arthur Schopenhauer, que se conteñen na súa derradeira obra PARERGA E PARALIPOMENA, etc, etc.

Pero imos falar de outros refraneiros que están máis abeirados a nós, máis preto das nosas inquedanzas, dos nosos problemas, do noso xeito de ser, xa que, por moito que digan que as circunstancias que realmente nos afectan son exactamente as mesmas en todo o mundo, polo aquel da globalización, nós -polo menos os betanceiros- aínda non temos chegado a un grao tan alto de contaminación.

ALGÚNS DOS REFRANEIROS MÁIS PRÓXIMOS:

Digo algúns, xa que a reseña de tódolos libros publicados en Galicia nos que se conteñen refráns, ditos e proverbios, coa inserción de tres ou catro deles, non cabería en cen páxinas.

É moita a «devoción» que temo-los galegos por este tipo de «literatura». Entón imos reseñar uns poucos, que non quero aseverar que sexan os máis importantes:

1.- A primeira gramática da lingua galega foi publicada en Lugo, por Soto Freire, no ano 1868. O seu autor, DON JUAN ANTONIO SACO Y ARCE, naceu en Alongos (Toén), a nove kilómetros de Ourense, o día 8 de marzo de 1835. Era Presbítero e Catedrático no instituto de 2º Ensino de Ourense. Ó final do libro trae varios apéndices. O primeiro deles titúlase REFRANES GALLEGOS. De entre os que figuran alí copiamos os seguintes:

A auga de Abril, henche (sic.) o carro i o carril.

A auga por San Xoán, tolle o viño e non da pan.



A carto vai a libra de vaca; o que non o ten, non a papa.
 Á madrastra, o nome lle basta.
 A muller i a besta a nadia se empresta.
 Ano de moita herba, ano de moita m...
 A rico non debas, i a probe non prometas.
 A ucha sin centeo é como o prado sin rego.
 A vaca que non come cos bois, ou come antes ou como despois.
 Cando a zorra anda ós grilos, mal pol-a nai, mal polos fillos.
 Cigarro de guapo, moito papel e pouco tabaco.
 Chove, chove na casa do probe.
 Cristo ganado, cristo papado.
 Despois de San Martiño. deixa a auga e bebe o viño.
 De vello gaiteiro.
 Día de todo, víspera de nada.
 En casa de Gonzalo, máis pode a galiña co galo.
 Home de moita lingua, todo é m....
 Muller de cego que se compón moito, non se compón pra el que se compón pra outro.
 Non se collen troitas con bragas enxoitas.
 ¿Onde irás boi, que non ares? Á cortaduría.
 «Val quen ten», as campanas de Toén
 ¿Van os cregos ó Concello? Tran o cuco no capelo..

2.- Temos tamén diante o libro titulado «ELEMENTOS DE GRAMÁTICA GALLEGA por Don Marcial Valladares Núñez individuo correspondiente de la Real Academia Española = Vilancosta 1892.»

Na citada data foi escrita, pero non foi publicada ata o ano 1970, pola Editorial Galaxia. Na páxina 121 e baixo o epígrafe REFRANES Y DECIRES QUE SUPONEMOS NO PUBLICADOS TODAVÍA, figuran, entre outros, os seguintes:

Casou Inés c'o vello Cristobo, por se'este caldeiro daba pra un novo.
 Día d'antroido e día de Páscoa cada larpeiro n'a súa casa.
 Estudiante d'o pío-pío, mexa n'a cama e morre de frío.
 Muller que fala latin e besta que fai hin, nunca terán bon fin.
 N'a casa de Miguel a muller é el.
 Obra feita, obreiros á m...
 Pan de literatura, pan de pouca fartura.
 Saudiña e cante o merlo.
 Tres anos de tus-tus, tres anos de bón can e outros tres de lacazán.
 Tres cousas sempre frías están: rodilla de home, cu de muller e bico de can.

3.- O «REFRANEIRO AGRÍCOLA-METEOROLÓXICO. Recollido na súa maioría por PEDRO DE MERILLE, foi editado pola «Biblioteca de LA DEFENSA», no ano 1906, na Coruña, imprenta «Tierra Gallega», San Andrés, 153.

¿Quen era «PEDRO DE MERILLE», O pseudónimo de Salvador Golpe Varela, xuriconsulto, poeta e escritor, que naceu en San Pedro de Oza o 26 de xuño do 1850,

falecendo no mesmo lugar o 23 de xuño do 1909.

A publicación que estamos a ver é un facsímile da edición anteriormente citada, publicada pola ASOCIACION CULTURAL EIRA VELLA, no ano 1994. O introito ou presentación da mesma é moi interesante, sobre todo para o presente traballo. Nel aparece, entre outras cousas, que:

«A primeira recompilación de refráns galegos é do século XVI, Aparece na colección castelá do Comendador Hernán Núñez, publicada en Salamanca no 1555 e reeditada varias, que contén cento dezaioito refráns na nosa lingua.»

«En canto a refraneiros unicamente galegos cítase a colección do Padre Sobreira -hoxe extraviada- de finais do século XVIII, que sería a primeira coñecida. No século XIX publicaron refraneiros o historiador Manuel Murguía, como apéndice ao tomo 1 da Súa Historia de Galicia (1865), cunha colección de cento setenta e nove refráns. O crego

ourensán Xosé Antonio Saco e Arce, quen publicou cincocentos oitenta e un como apéndice da súa Gramática Galega» -da que xa falamos antes- «mentres que Antonio de la Iglesia publica douscentos trinta e un no tomo de El Idioma Gallego, su antigüedad y vida (1886). = A comezos do século XX publícase en Pontevedra un REFRANEIRO AGRÍCOLA Y METEOROLÓGICO GALLEGO recopilado por Emilio Alvarez Giménez. Cun título moi semellante, REFRANEIRO AGRÍCOLA-METEOROLÓXICO GALLEGO (1904) aparece dous anos despois esta colección recollida por Pedro de Merille0, no mesmo ano en que Jacinto Prado publica en Lalín, MÁXIMAS Y REFRANES GALLEGOS.»

Segue a dicir que nos anos vinte e trinta, na revista NÓS aparecen pequenas coleccións, das que son autores: Francisco Lanza, Noriega Varela, Uxío Carré Aldao e outros, facendo tamén constar a aparición do DICCIONARIO INCICLOPÉDICO GALLEGO-CASTELLANO, de Rodríguez González, xa citado neste traballo e do que voltaremos a falar máis adiante.

Trae a continuación unha relación dos máis recentes refraneiros, recollidos por Esmorís Recamán, en Fisterra; Federeico Maciñeira, nas terras de Capelada e Faladoira; Xosé Ramón e Fernández Oxea en Corme. Cita tamén outros temáticos coma o do viño, insereido na colección O Moucho; o da muller e o do home, de Xosé Moreiras e outros de Clodio González, Xaquín Lorenzo, Enrique Gippini, etc.

Transcribimos deste Refraneiro Agrícola-Meteorolóxico os seguintes refráns:

A moita terra, da dúas cheas: unha de traballo e outra de miseria.

Boi morto, vaca é.

Ceo empedrado, piso mollado.

Con auga e con sol, Dios é criador



De marco a marco non hai arco.
 Dios sobre todo e sobre Dios nada.
 Entre Marzo e Abril, sal o cuco do cubil, que coa neve non quer vir.
 Esterco de charamela, todo é candela.
 Esterco de feito, grau po-lo peito
 Esterco de xesta, grau po-la testa.
 Esterco de palla, grau pol-a barba
 Esterco de silva, grau pol-a crisma.
 Esterca e traballa, terás boa anada.
 Fidalgos pobres e bestas vellas, acaban as nosas terras.
 Nin besta de solo herba, nin home de moita verba.
 O pan de trigo fixo Dios, e o de millo mandouno facer.
 Quen non traballa non ten nin migalla.
 San Migueleño das uvas maduras, moito me tardas e pouco me duras.
 Val máis o qu' o sol deixa, que o que a auga trai.

4.- ENRIQUE GIPPINI ESCODA, naceu en Reus, Tarragona, no 1901 e ós dous anos de idade trouxérono a Santiago de Compostela. Estivo na guerra de África e, cando voltou, fixo a carreira de maxisterio, exercéndoa en distintos lugares de Galicia. Realizou moitos traballos, entre eles, algúns de toponimia. Ediciós do Castro publicou no ano 1994, unha escolma do seu REFRANEIRO GALEGO, da que entresacamos os seguintes:

Cazador e troiteiro, nin boa meda nin bó palleiro.
 Patrón mandar, mariñeiro facer.
 Labor feita non ten presa.
 A Cruña, rabuña.
 Somos de Ribadeu, cada un paga o seu.
 En Limodre, nin pan dan a un pobre.
 En Ares non te pares.
 En Camouco, para pouco.
 En Redes, non te enredes.
 Da Vila, vente axiña.
 En Miño, pasa caladiño.
 Pico Sacro, líbrame do mal que traio.
 En Sigrás ládranche os cás.
 En Viveiro, moito fandango e pouco diñeiro.
 Fun a Marín, tal fun tal vin.
 Mellor quero ver a miña vaca morta que a xusticia á porta.
 Non bebas sin ver, nin firmes sin ler.
 Dúas mulleres e unha cesta, fan una feira.
 Val máis onza de trato que libra de traballo.
 A muller que é coidadosa, deixa a gaita e colle a roca.
 Muller morta, sete á porta.
 Roxa de cabelo, quente daquelo.

5.- OS MIL E UN REFRÁS GALEGOS DO HOME, de XOSE MOREIRAS SANTISO, natural de Rodeiro, Pontevedra. Fixo estudos eclesiásticos no seminario de Lugo e na Universidade Pontificia de Comillas, polo tanto é sacerdote e máis profesor de E.X.B. Escribiu varios libros, entre eles o anteriormente relacionado e OS MIL REFRÁS GALEGOS DA MULLER. Imos relacionar algúns dos do home, xa que hai que respectar ás mulleres:

Non son homes tódolos que mexan contra as paredes.
 Máis fácil é ó burro ornear có sabio responder.
 Touporroutou, miña nai paríu nove: cinco do crego e catro do home.
 Regalo de monxa, santidá de muller solteira e palabra de obispo, non val todo unha centella.
 Val máis muller dun probe ca puta dun conde.
 Fillo fuches, pai serás; cal fixeches, toparás.
 De home maricas e de muller cabalón, libértanos, Señor!
 Home que fia, muller que asubía e galiña que non pon, na miña casa non.
 Meu santiño san Andrés, eu como foi non sei... fomos dous e viñemos tres.
 Curial de Betanzos, home pequeno e can rabelo, ¡pra fodelos!
 O que fai fillos en muller allea, perde os fillos e máis a feita.
 Tres escribáns e tres cregos, teñen maña pra desfacer o inferno
 O vello por non poder e o mozo por non saber.
 Aprendiz de moitas ciencias, mestre de poucas sabencias.
 Sete xastres fan un home.
 Entre irmán e irmán, dous testigos e un escribán
 O que limpa o cu cunha pedra, rasca o cu e deixa a merda.

Coido que este derradeiro refrán deprendeuno o Sr. Moreiras Santiso de don Francisco Vázquez Saco, natural de Sarria, quen seguíu a carreira eclesiástica na Universidade Pontificia de Comillas. Nomeado coengo lectoral de Lugo e director do Seminario da citada cidade, no cal fixo a carreira de crego Moreiras Santiso. E digo isto porque un amigo meu que fora seminarista tamén en Lugo, oíralle o citado refrán ó devandito profesor.

6.- DICCIONARIO DE REFRÁNS, de GERMÁN CONDE TARRÍO. ¿Quen é este autor? Nos medios ó meu alcance non fun quen de atopar ningunha referencia. Só no prólogo do libro citado asinado por Julia Sevilla Muñoz, Directora da revista PAREMIA e profesora de Universidade Complutense de Madrid, nos chega a dicir que este home é un «amante da sabedoría popular» que adicou varios anos a recompilar refráns e frases proberviais; que a súa contribución en favor da cultura galega «non se limita a unha mera relación alfabética de paremias», xa que «van acompañadas de comentarios acerca de significados, notas, aclaracións léxicas e da súa correspondencia en castelán e en francés.»

Na introducción do libro recórdanos moitos paremiólogos e moitos libros de refráns, pero agora imos só a falar só de dous:

a) IACOBI HOWELL, que no ano 1659 publicou en Londres en libro de refráns en castelán, inglés, italiano e francés, engadindo na parte final, unha Paremiographía, que denomina: «Refranes o Probervios en romance o la Lengua Castellana; A los cuales se han añadido algunos Portuguezes, Catalanes y Gallegos, etc.»

Os galegos son os catro seguintes:

- A facenda do crego dáa Deus e lévaa o Demo.
- A maa veciña dá a agulla sin liña.
- Gado de noviella e potro de yegua viella.

-Jornada de mar non he de tayxar.

b) GONZALO DE CORREAS é o gran paremiólogo deste século, pois recolle no seu VOCABULARIO DE REFRANES Y FRASES PROBERVIALES... (1627) uns 18.000 refráns, xa non só pertencentes ás distintas línguas peninsulares senón tamén ás europeas.»

Parece que non está moi claro quen foi este señor, conforme nos da a entender Conde Tarrío neste párrafo que acabo de copiar do seu libro anteriormente citado, xa que, na Enciclopedia Espasa aparecen dous, que poden se-lo mesmo, que poden ser diferentes ou que se poden confundir: CORREA (Gonzalo), que foi profesor de grego, hebreo e caldeo e que escribiu varios libros, entre os que non se cita o referido Vocabulario; e, máis adiante: CORREA (MAESTRO), célebre filólogo español do século XVII, «autor de un VOCABULARIO DE REFRANES PROBERVIALES Y OTRAS FÓRMULAS COMUNES DE LA LENGUA



Refranes glosados: en los quales qualquier que con diligencia los quisiere leer hallara proverbios: e maravillosas sentencias y generalmente a todos muy provechosos. assi que de pequeño compendio podran sacar crecido fruto.

CASTELLANA... Hay quien le identifica con Gonzalo Correas...» -ou sexa o citado anteriormente.-. ¿Son o mesmo? Conde Tarrío así o cre e eu non teño ningún motivo en contra.

Pasaremos agora a copiar algúns refráns dos mil cento vinte que aparecen neste dicionario, así como a comentalos se é precisa algunha aclaración.

Os temas figuran ordenados alfabeticamente e, un dos primeiros é o ABUSO: «Di un vello refrán que ÁS VECES MEXAN POR UN E HAI QUE DICIR QUE CHOVE» e, en contrapartida, acaba con outro refrán: CANDO TE CAPEN, BERRA

Pero hai máis refráns:

O HÓSPEDE E O PEIXE, ÓS TRES DIAS FEDEN.

EL HUESPED Y EL PEZ, A LOS TERES DÍAS HIEDEN.

L' HÔTE E LE POISSON, EN TROIS JOURS, POISON.

Hai que ter en conta na versión francesa, que «poisson» é peixe, e que «poison», cun «s» só, é veneno.

A CARNE, CARNE CRIA; E OS PEIXES, AUGA FRÍA

CARNE CARNE CRIA; Y PECES AGUA FRÍA.

CHAIR FAIT CHAIR; ET POISSON, POISON (remitímonos coma antes ó peixe e ó veneno.

CON PAN E VIÑO ÁNDASE O CAMIÑO.

SIN HARINA NO SE CAMINA.

PAIN ET VIN EST LA VIANDE DU PÉLERIN.

A MULLER NA IGREXA, SANTA; E NA RÚA, CABRA.

LA MUJER EN LA IGLESIA, SANTA; ANGEL EN LA CALLE; BUHO EN LA VENTANA; EN EL CAMPO CABRA Y EN LA CASA, URRACA.

FEMMES SON ANGES À L'ÉGLISE, DIABLES À LA MAISON ET SINGES AU LIT.
(As tres palabras derradeiras queren dicir «zorras na cama»).

Cando chegamos ó apartado que titula CONSECUENCIA, cita, entre outros refráns, un moi coñecido, pero non por iso menos certo: QUEN CON NENOS SE DEITA, POLA MAÑÁ APESTA. Este trae unha nota ou aclaración, que dí: Na mesma liña de remodelar refráns, temos una forma «cultas» sobre este tema: QUIEN CON ADOLESCENTES PERNOCTA, EXCREMENTADO ALBOREA.»

Isto faime recordar que no ano 1947, estado eu cumprindo os meus deberes militares na cidade de Lugo, presenciei no TEATRO máis importante da cidade, do que non recordo o nome -hoxe derruido-, un espectáculo no que figuraba un cómico extraordinariamente bó, que, entre os seus «sketch», dicíanos unha serie de refráns, de xeito requintado, todos en castelán, naturalmente, e, entre eles figuraba o anteriormente citado que, traducido ó galego, podería ser: QUEN CON CRIANZAS SE ACOCHA, NA ALBORADA CISCALLADO SE ERGUE.

Outro dos que aquel cómico dicía era un tan coñecido como A CABALLO REGALADO NO SE LE MIRA EL DIENTE, que el mesmo substituíra polo seguinte: ASOLÍPEDO DONADO NO LE PERISCOPEES EL INCISIVO. Que en galego podería dicirse: CANDO CUN FACO TEAGASALLEN NON LLE ABESULLES O CHAVELLEIRO..

E finalmente o tan popular: A PALABRAS NECIAS OÍDOS SORDOS, requintábo deste xeito: A PALABRAS EMITIDAS POR LARINGES INCONSCIENTES, TROMPAS DE EUSTAQUIO EN ESTADO LETÁRGICO, que traduciremos por : A VOCABLOS IRRADIADOS POR GORXAS IMPRUDENTES, ESCOITADOR NO PARO.

7.- Para poñer fin a esta relación de refraneiros imos falar seguidamente do máis extenso de todos cantos levamos relacionados neste traballo: o REFRENEIRO GALEGO BÁSICO, de XESUS FERRO RUIBAL, Catedrático de Grego e Latín, cunha obra científico literaria extensísima e dun valor extraordinario. Entre ela figura o citado REFRENEIRO que, segundo el mesmo dí no limiar da publicación: «...pretende cubrir esta carencia cos seus 11.363 refráns e máis de 1.500 temas, ofrecendo case un refrán para cada situación.»

Máis adiante, na introducción, segue a dicir: «O meu obxectivo era facer un refraneiro básico que servira de soporte para os traballos posteriores que algún día haberá que emprender. Por iso optei traballar sobre a colección publicada máis ampla que coñezo: O Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano, de Eladio Rodríguez González...»

Perante dun diccionario de tal entidade e tan voluminoso non é posible facer unha escolma duns cantos refráns para que figuren neste traballo que xa pode resultar máis longo do debido. Precisamente cando pretendín explicar o que é un refrán e aludín ó Padre Feijóo, amosándome de completo acordo con el, en canto a que neles -aparte das moitas verdades que poida haber- non só hai mentiras e incertidumes, senón que tamén se constatan algunhas contradicións, vou intentar demostrar algunhas delas:

Vale máis atopalo que perdelo. (Depende do que sexa.)

A auga corrente non mata á xente. (¿E logo cando hai enxurradas, enchentes e avalanchas?)

O morto e o ausente non son xente. (O morto pode deixar unha boa herdanza e o ausente pode voltar para pedila.)

- Cada un é pai dos seus fillos. (Poida que si, poida que non.)
 Cada un manda na súa casa. (Agás os casados.)
 Hai quen calando fala e falando non di nada. (Tamén hai que non di nada nin falando nin calando.)
 Uns din o que saben e outros non saben o que din. (¿Quererá dicir que o mellor é ser mudo?)
 A auga todo o leva. (Hai veces que deixa a ruina e mai-la morte.)
 Auga de agosto, mel e mosto, (E hai outro que día: Auga por agosto nin pan nin mosto.)
 Auga de maio trae mal ano. (Outro di : Auga de maio trae bo ano.)
 Vale máis descosido que roto. (Outro di: Vale máis un roto que un descosido.)
 Cando Deus dá para todos dá. (Xamais estiven nese reparto.)
 Barro é o home, barro é o xerro, máis non son dun mesmo barro. (Algúns si que o son.)
 Non hai mellor razón cá do pau. (Firmado: Francisco Franco.)
 O conto é que eu teña; veña de onde veña. (Vese que o que inventou este refrán era moi honrado.)
 A un cego mal se lle pode ensinar o camiño. (¿Cantos camiños son quen de ensinarnos moitos cegos ós que vemos!)
 Cada un entende e Deus ben nos comprende. (Se nos entende Deus e non nos comprenden os demais... ¡vaites, vaites!)
 Cada un manda no seu e fai o que lle peta. (¡Pola puñeta!)
 Contra un pai nunca hai razón. (A razón é a razón e un pai pode ser coma lle cadre.)
 O que a loba fai, o lobo non o desfai. (¡Calquera ousa! Sabemoscho ben os casados)
 ¡Pobre da casa onde a galiña canta e o galo canta! (Sí que é certo. Esta situación inventou os comicios e provocou a democracia, para que gañara ela sempre.)
 Bágoas amolecen penas. = Con bágoas todo se acaba = E hai outro que di: Nada se enxuga tan axiña coma as bágoas.
 O Abade do que canta, xanta. (Sen ir á televisión.)
 Fai ben e non mires a quen. (Hai outro que di: Fai ben pero mira como e a quen.)
 Bicos e apertas non fan meniños, mais tocan a vésperas. (Este refrán é de antes de que se inventaran unha chea de cousas.)
 Boi morto vaca é. (Tamén pode ser un concello da Coruña.)
 A ciencia é o alimento do espírito. (Do espírito será, pero pouco lles ha de importar ós científicos que morreron de fame.)
 Os que cabra non teñen e cabritos venden, ¿de onde lles veñen? (Non o sei, pero cabritos hai tantos...)
 Deus que dá a chaga, dá a menciña para curala. (Podía aforra-la menciña non dando a chaga.)
 Mal trae ben. (Algunhas veces será así, outras tras do mal ven o peor.)
 A quen Deus quere ben, todo lle medra. (Eu coñezo algún destes que todo lle medra e que se Deus lle quere ben... ¡vaia por Deus!)
 Entre dous que ben se queren, con tal de que un coma, abonda. (¡Era boa!)
 Can que moito ladra, ben garda a casa. (Hai outro que di: Can que ladra, bocado que perde.)
 Quen fixo a lei fixo a trampa. (Coido que é ó revés: O que fixo moitas trampas aprendeu a face-la ley.)

No nacer e no morrer todos iguais temos que ser. (Pero non somos.)
Para nacer e morrer non hai ricos nin pobres. (¡Hai, hai...!)
Vale máis leva-las mans limpas, que levalas cheas. (Non todos opinan igual.)
Vale máis quen sabe ter que quen ten saber. (Non o entendo, xa que quen sabe ter, ten que saber.)
Alcalde, nin de balde. (Iso sería antes, ¡o que é hoxe...!)
Amor pobre e leña verde tamén arden se se acenden. (Si, pero todo é fume.)
Non fagas mal, que é pecado mortal; nin fagas ben que é pecado tamén. (Isto debeu saír do Catecismo do Lacazán.)
A quen non fala, Deus non o oe. (Entón os mudos non son xulgados por ÉI.)
O porco que é para o lobo, non hai San Antón que o garde. (¿Onde o gardará San Antón?)
O que ha ser pobre está condenado, tanto lle ten correr como estar sentado. (Hai outro que dí: Axúdate que eu te axudarei.)
Xamais digas que é caro o que che dan dado. (¡Se non son paos, claro!)
De Deus abaixo, cada un vive do seu traballo. (Polo carallo)
O que rouba fai por ter. (O que fixo este refrán non tiña vergoña.)
¡Casa Xan, que Deus dará pan! (¿E se traspasou o forno?)
Vale máis un amor de lonxe, que vintecinco da porta. (Tamén vintecinco sonche abondo.)
Despois de San Martiño, deixa a auga e bebe o viño. (E antes, ¿por qué non?)
O tempo é ouro. (Eu teño moito tempo e o ouro aínda non o vin.)
Nace o home para traballar e non para folgar. (Será así, pero é unha mágoa.)
Boi que non vai á feira non pode ter venda. (Hai outro que dí: O bo pano na arca se vende.)
Algo terá a auga cando a bendicen. Os cregos bendicen a auga pero misan con viño sin pinga de auga.)
Xan calado é bo home. (Eu coñecín algún mudo que de bo non tiña ren.)
A lei nace do pecado e a lei quere castigalo. (¡Tamén os hai descastados!)
Quen fixo a lei fixo a trampa. (Coido que é ó revés: O que fixo moitas trampas aprendeu para face-la lei.)

Penso que está a chegar o momento de lle dar cote a este traballo. Non porque non haxa máis que dicir, senón porqué estoume a exceder da longura normal dun artigo deste tipo.

Hai que recoñecer que o tema é practicamente inesgotable, pero como dí aquel refrán: **VAL MÁIS CALAR QUE MAL FALAR.**